



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Resolución provisional de adxudicación de prazas do Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós.

EXPEDIENTE: 2026/S012/000004

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante Resolución da Alcaldía, do 25 de xuño de 2026, aprobáronse as Bases e convocatoria do Servizo de Comedor Escolar da Escola de Educación Infantil de Coirós para o curso 2026/2027, así como a apertura do correspondente procedemento de matrícula.

As bases establecen un total de 40 prazas para o curso 2026/2027 e atribúen ao Concello de Coirós a selección e admisión das persoas usuarias do servizo.

Segundo.- De conformidade coa base 7 da convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes estendeuse do 1 ao 15 de xullo de 2026.

Finalizado o dito prazo, procedeuse á revisión da documentación presentada e á comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases.

Terceiro.- De conformidade coa base 5, a persoa responsable do procedemento de admisión é a Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar, correspondéndolle, segundo a base 8, a avaliación das solicitudes presentadas.

Cuarto.- Consta no expediente a Proposta técnica de baremación das solicitudes presentadas para o Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós para o curso 2026/2027, emitida pola Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar.

Segundo a citada proposta técnica, foron presentadas 26 solicitudes, que reúnen os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e achegan a documentación esixida, polo que procede propoñer a adxudicación provisional das 26 prazas solicitadas.

Así mesmo, efectuada a valoración da documentación presentada, determinouse o importe diario que corresponde aboar a cada persoa usuaria, de conformidade coa Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós.

Quinto.- A base 8 da convocatoria establece que a listaxe provisional será publicada no taboleiro de anuncios e na web municipal e que, para garantir a protección dos datos persoais, as persoas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

solicitantes serán identificadas unicamente mediante o nome e apelidos do titor ou titora e catro díxitos numéricos aleatorios do seu DNI, xunto co custo diario adxudicado.

A mesma base establece un prazo de cinco días naturais, contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para a presentación de alegacións.

FUNDAMENTACIÓN:

Primeiro.- As Bases e convocatoria do Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós para o curso 2026/2027, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía.

Segundo.- A Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 159, do 22 de agosto de 2025.

Terceiro.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- O Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, particularmente no relativo á publicación de actos administrativos que conteñan datos persoais.

Á vista dos antecedentes expostos, da documentación incorporada ao expediente e da proposta técnica emitida pola Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar, Paula Medal Martínez,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a adxudicación das 26 prazas solicitadas para o Servizo de Comedor Escolar da Escola de Educación Infantil de Coirós para o curso 2026/2027, ao reunir as persoas solicitantes os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a relación de persoas adxudicatarias e o importe diario que corresponde aboar por persoa usuaria, de conformidade coa valoración efectuada pola Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar e coa Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós, segundo a relación que figura como Anexo I da presente resolución.

Terceiro.- Publicar a listaxe provisional no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, de conformidade co establecido na base 8 da convocatoria.

Para estes efectos, as persoas solicitantes identificaranse unicamente mediante o nome e apelidos do titor ou titora e catro díxitos numéricos aleatorios do seu DNI, xunto co custo diario adxudicado, sen que se publiquen datos económicos, puntuacións desagregadas nin datos relativos á saúde.

Cuarto.- Conceder ás persoas interesadas un prazo de cinco (5) días naturais, contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para formular as alegacións que consideren oportunas.

As alegacións poderán presentarse a través do Rexistro Xeral do Concello de Coirós, presencialmente ou por medio da sede electrónica municipal, así como por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Quinto.- Transcorrido o prazo de alegacións e unha vez examinadas, se é o caso, as que se presenten, procederase á aprobación da listaxe definitiva de persoas adxudicatarias, que será publicada de conformidade cos mesmos criterios de identificación e protección de datos establecidos na base 8 da convocatoria.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).



CONCELLO DE COIRÓS

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DO SERVIZO DE COMEDOR

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	DNI/NIE	PREZO DO XANTAR / DÍA €
2026/S013/000002	J.A.S.G.	***0018**	0
2026/S013/000003	J.A.S.G.	***0018**	0
2026/S013/000004	G.G.F.	***0316**	1,10
2026/S013/000005	V.E.T.	***0862**	1,10
2026/S013/000006	A.P.C.	***2204**	0
2026/S013/000007	C.B.V.	***6785**	3,74
2026/S013/000008	M.B.B.	***0630**	3,74
2026/S013/000009	M.S.G.	***4063**	2,20
2026/S013/000010	L.M.G.	***5473**	3,74
2026/S013/000011	R.P.F.	***7796**	1,76
2026/S013/000012	R.P.F.	***7796**	1,76
2026/S013/000013	A.R.M.	***7825**	4,40
2026/S013/000014	L.S.P.	***3732**	2,20
2026/S013/000015	T.T.M.	***5432**	2,20
2026/S013/000016	M.E.V.C.	***8199**	4,18
2026/S013/000017	P.C.P.	***4281**	4,18
2026/S013/000018	A.L.R.	***7467**	2,99
2026/S013/000019	A.P.O.	***0170**	4,40
2026/S013/000020	L.F.R.	***8602**	0
2026/S013/000021	V.F.R.	***0954**	2,20
2026/S013/000022	L.E.P.	***4033**	3,74
2026/S013/000023	M.A.B.V.	***1603**	3,74
2026/S013/000024	M.A.G.N.	***8902**	0
2026/S013/000025	M.P.V.	***3577**	0
2026/S013/000026	M.G.V.	***0617**	4,40
2026/S013/000027	J.L.L.	***5311**	4,18